



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na *Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG do 18/09/2024)*, realizarase proximamente neste centro a renovación dos membros do CONSELLO ESCOLAR que é o órgano de participación na vida escolar de todos os sectores da comunidade educativa do **CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto**.

Neste caso renovaranse 1 nai/pai/titor legal, 2 alumnas/os e 4 profesoras/es.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director do Centro.
- Unha profesora ou profesor.
- Unha nai, pai, ou titor legal.
- Unha alumna ou alumno de Secundaria .
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do *Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto)*. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase no centro educativo o **venres, día 18 de outubro, ás 11:30 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se remitirán e se farán públicas pola Xunta Electoral do noso centro educativo.

Boqueixón, 11 de outubro de 2024

O director

Asdo.: Ángel Manuel Maciñeiras Núñez